

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, SOCIEDADE ANÓNIMA

Por acordo do Consello de Administración da Sociedade, convócase Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas, no domicilio social de San Cibrao das Viñas (Ourense), Parque Tecnolóxico de Galicia, o próximo **día 28 de xuño de 2021** ás doce horas (12.00 horas), co obxecto de deliberar e resolver sobre os seguintes asuntos:

ORDE DO DÍA

Primeiro.- Aprobación, se procede, da xestión social realizada polo Consello de Administración durante o exercicio 2020.

Segundo.- Exame e aprobación, no seu caso, das contas anuais correspondentes ao exercicio do 2020.

Terceiro.- Aplicación do resultado obtido no exercicio do 2020.

Cuarto.- Exame e aprobación, no seu caso, do nomeamento de auditor de contas da Sociedade para o exercicio 2021.

Quinto.- Proposta e aprobación, se procede da sinatura dun protocolo de actuación entre o Concello de San Cibrao das Viñas, Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. e a Sociedade Pública de Xestión do Solo de Galicia – Xestur S.A., para o desenvolvemento da área industrial do plan parcial SUR I2, I3 e I4 do PXOM de San Cibrao das Viñas, na consideración de que a sinatura deste protocolo pode supor a disposición, alleamento ou achega a outra compañía dun activo esencial da sociedade e dada a especial vinculación deste activo coa realización do seu obxecto social.

Sexto.- Cesamento e nomeamento de Conselleiros do Consello de Administración, se procede.

Sétimo.- Autorización ós membros do Consello de Administración para que poidan adicarse, por conta propia ou allea, ao mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade que constitúe o obxecto social da Sociedade, se procede.

Oitavo.- Concesión de facultades para elevar a públicos os acordos que se tomen.

Noveno.- Rogos e preguntas.

Décimo.- Redacción e aprobación, se é o caso, da Acta da Xunta e/ou designación de interventores para a súa aprobación.

Faise constar expresamente o dereito dos accionistas da Sociedade, de conformidade co establecido no artigo 272 da Lei de Sociedades de Capital, de examinar no domicilio social os documentos sometidos á aprobación da Xunta. Os accionistas terán dereito á entrega ou envío gratuito de tódolos documentos mencionados.

Igualmente, comunicase ós señores accionistas, en virtude do previsto no artigo 197 da Lei de Sociedades de Capital, o dereito que lles asiste a solicitar con anterioridade á celebración da Xunta, os informes e aclaracións que estimen precisos sobre os asuntos comprendidos na Orde do día ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes ata o sétimo día anterior o previsto para a celebración da Xunta.

De conformidade co disposto no artigo 4 do Real Decreto Lei 34/2020, de 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético e en materia tributaria, tal e como foi modificado pola Disposición final 8ª do Real Decreto Lei 5/2021, de 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta a pandemia da COVID-19, a Xunta celebrárase por vía exclusivamente telemática, sen asistencia física de accionistas e representantes, mediante conexión a través de videoconferencia para o cal enviarase o enlace da dirección web días antes da celebración.

En San Cibrao das Viñas (Ourense), a 26 de maio de 2021.

A Vicepresidenta do Consello de Administración, Dª. Patricia Argerey Vilar, Representante persoa física de Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.